

ACTA 2ª CLASIFICACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PORTANXIL. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as trece horas e cinco minutos do día 3 de abril de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA SANEAMENTO NO NÚCLEO DE PORTANXIL**

ASISTENTES:**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 2 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

A empresa clasificada en primeiro lugar, BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL, recibiu a notificación da clasificación, con rexistro de saída nº. 1970, o día 14 de marzo de 2017. Transcorrido o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da notificación do acordo, non consta no rexistro xeral do Concello de Ames que BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL presentara a documentación requirida no acordo de clasificación.

A continuación, á vista do exposto anteriormente, a mesa de contratación procede á Clasificación por orden decrecente de puntuación do resto das empresas participantes no procedemento do seguinte xeito:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTUACIÓN
EXCAVACIONES MIDÓN, SL	84.308,99	37,78
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, SL	85.652,27	37,01
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, SL	86.121,00	36,75
OVIGA, SL	86.420,00	36,56
ALVAC, SA	87.205,58	36,11
COVIASSTEC, SL	87.415,48	35,99
MECANO OBRAS Y REFORMAS, SL	88.311,85	35,47
EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, SL	89.248,60	34,93
ESPINA Y DELFIN, SL	89.416,51	34,83
EXCAVACIONES POSE, S.L.	90.145,00	34,41
SYR-AMG, SLU	90.465,90	34,22
NATURGALIA, SL	90.463,23	34,22
OBRAS Y SERVICIOS INDIGO, SL	90.493,99	34,21
EXCAVACIONES OVIDIO, SL	90.535,98	34,18
GR CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS, SLU	91.081,58	33,87
EULOGIO VIAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	91.375,56	33,70
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL	91.389,55	33,69

CONSTRUCCIONES BOALVA, SL	91.515,48	33,62
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL.	92.089,22	33,28
SONDEOS PORZUNA, SL	92.648,94	32,96
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	93.307,25	32,58
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL	93.474,53	32,48
PETROLAM INFRAESTRUTURAS, SL	94.705,94	31,77
AQUABLUÉ SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, SL	94.973,46	31,62
CONSTRUCCIONES CERNADAS, SL	95.153,72	31,51
CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, SL	95.433,57	31,35
MANTIDO, S.L.	95.853,38	31,11
CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	96.245,19	30,88
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.	96.385,12	30,80
EXCAVACIONES JOSÉ VARELA IGLESIAS, SL	97.949,50	29,87
EXCAVACIONES YOÑI TUÑAS, SL	97.950,00	29,86
CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL.	99.351,67	28,90
SERGONSA SERVICIOS, SL	103.141,61	26,30
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, SL	104.081,38	25,65
EXCAVACIONES AGRA CASTRO, SL	104.529,15	25,34
DESMACO, SLU	106.166,35	24,22
HORDESCON, SL	107.075,92	23,59
2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL	108.360,34	22,71
ASFALGAL, SL	110.364,32	21,33
CANARGA, SL	112.000,00	20,20
MARCONSA, SL.	112.952,41	19,55
ESPINA OBRAS HIDRAULICAS, SA.	115.653,75	17,69
ARIAS INFRAESTRUTURAS, SA	119.867,60	14,80
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, SL	122.720,31	12,83
NEMESIO ORDOÑEZ, SA	123.895,74	12,03
TARRIO Y SUAREZ, S.L.	124.392,06	11,68

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Trasladar ó órgano de contratación a exclusión da empresa BRISA EXCAVACIONES OBRAS Y SERVICIOS SL por non presentar a documentación requirida, para poder proceder a adxudicación da obra, no prazo concedido para elo.

Segundo.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización das obras de saneamento no núcleo de Portanxil á empresa **EXCAVACIONES MIDÓN SL** con CIF B-15.494.388 no prezo de sesenta e nove mil seiscientos setenta e seis euros e oitenta e cinco céntimos **(69.676,85.- Euros)**, máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de catorce mil seiscientos trinta e dous euros **(14.632,14.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as trece horas e quince minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.